

RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIONS

EXPEDIENTE: <u>C92040:1</u>
SITUACIÓN: <u>SOTO, FINCA 11, Nº1-3, 1ªA - FERROL</u>

Por resolución da Xefatura Territorial de A Coruña de data 04 de xuño de 2011 iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ó expediente C92040:1, ó abeiro do disposto no artigo 64 da Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia, no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, esta foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Acreditouse no expediente a renuncia á vivenda por parte da única interesada na súa adquisición á que se lle adxudicara directamente por resolución de data 16 de setembro de 2011, publicada na páxina web do IGVS.

A vivenda quedou publicitada na páxina web do IGVS para xeral coñecemento, téndose presentado solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes por don/a SUSANA FERNANDEZ MUIÑO (nº de credencial 60,321).

Unha vez comprobado o cumprimento por parte da interesada dos requisitos esixidos para ser designada adquirente, facendo uso das súas competencias o xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas na Coruña

ACORDA:

1. Declarar directamente adquirente a don/a SUSANA FERNANDEZ MUIÑO (nº credencial 60,321)

Contra dita resolución que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante o señor conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola lei 4/1999, de 13 de xaneiro.

A Coruña, 25 de xuño de 2012

O/A Xefe/a Territorial da consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas

Asdo.: Jose Antonio Álvarez Vidal